

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 18 DE DECEMBRO DE 2017

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día dezaioito de decembro de dous mil dezasete, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e cinco minutos.

**Preside o Sr. Alcalde:** D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

**Asisten:**

**Sres/as. Concelleiros/as:**

**Grupo municipal Socialista:** Dna.Gloria M<sup>a</sup> Prada Rodríguez, D.Iban Torres Rodríguez, Dna. M<sup>a</sup> Pilar Espinosa Novelle, D.José Luis Losada Fernández, Dna.Marina M<sup>a</sup> Douton Rajo.

**Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego:** D.Emilio José Sánchez Iglesias.

**Grupo Municipal do Partido Popular:** Dna. M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez, Dna. M<sup>a</sup> Purificación Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

**Grupo municipal de Esperta Monforte:** Dna. M<sup>a</sup> Isabel García Díaz.

**Non adscritas/o:** Dna. M<sup>a</sup> Pilar López Martínez, Dna. M<sup>a</sup> Alicia I. Cadarso Palau Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján, D.Víctor López Mateo.

**Interventora acctal.:** Dna. María I. Buján Arias.

**Secretario:** D. José M<sup>a</sup> Baños Campo, que dá fe do acto.

O Sr.Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

### 1. ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 27 DE NOVIEMBRE DE 2017.

Non hai ningunha observación respecto ao borrador remitido coa convocatoria. Sometido a votación, o Pleno por unanimidade acorda aprobar a acta da sesión ordinaria da Corporación municipal do 27 de novembro de 2017.

### PARTE RESOLUTIVA

### 2. ORZAMENTO XERAL DE 2018 DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS: ORZAMENTO DA ENTIDADE LOCAL E DO ORGANISMO AUTÓNOMO INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIAS, BASES DE EXECUCIÓN, CADRO DE PERSOAL, TEITO DE GASTO, MASA SALARIAL DO PERSOAL LABORAL.

(No debate deste asunto auséntase e reincorpórase Dna. Gloria Prada Rodríguez).

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas e de que a parte de persoal foi obxecto de Mesa xeral de negociación. O acordo ditaminado ten o seguinte contido:

Pleno da Corporación  
Sesión ordinaria do 18.12.2017

Páxina 1 de 27



DOCUMENTO  
FIRMADO  
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002425000F1C8T1K8J7N7 en la Sede Electrónica de la Entidad

#### FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/01/2018  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 30/01/2018  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/01/2018 15:57:13

DOCUMENTO: 20180148048



“Formado o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2018, formado polo Orzamento do Concello e o do Instituto Municipal de Drogodependencias, así como, as súas Bases de Execución e o cadro de persoal comprensiva de todos os postos de traballo tanto funcionario coma laboral, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Visto e coñecido o contido do informe de Intervención de data de 7 de decembro de 2017

Visto o Informe de Intervención de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e da Regra de Gasto de data de 7 de decembro de 2017.

**Proponse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:**

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Monforte de Lemos e o seu organismo autónomo Instituto Municipal de Drogodependencias para o exercicio económico 2018, que ascende a **12.629.100,93 €**, xunto coas súas Bases de execución, que resumido por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE CONSOLIDACIÓN ORZAMENTO 2018

| GASTOS                            |                                     |  |                               |  |
|-----------------------------------|-------------------------------------|--|-------------------------------|--|
| 2018                              | ORZAMENT<br>O DA<br>CORPORACI<br>ÓN | ORZAMENTO<br>INSTITUTO<br>MUNICIPAL<br>DROGODEPENDENC<br>IAS | TRANSFERENCI<br>AS A ELIMINAR | ORZAMENT<br>O XERAL<br>CONSOLIDA<br>DO |
| CAPITULO I                        | 4.146.630,07                        | 256.182,31   |                               | 4.402.812,38                           |
| CAPITULO II                       | 6.295.058,87                        | 18.217,69  |                               | 6.313.276,56                           |
| CAPITULO III                      | 19.271,17                           |  |                               | 19.271,17                              |
| CAPITULO IV                       | 990.580,24                          |  | 274.400,00                    | 716.180,24                             |
| CAPITULO V                        | 0,00                                |  |                               | 0,00                                   |
| TOTAL                             | 11.451.540,35                       | 274.400,00   | 274.400,00                    | 11.451.540,35                          |
| CAPITULO VI                       | 842.149,04                          |  |                               | 842.149,04                             |
| CAPITULO VII                      | 57.226,66                           |  |                               | 57.226,66                              |
| CAPITULO VIII                     | 6.000,00                            |  |                               | 6.000,00                               |
| CAPITULO IX                       | 272.184,88                          |  |                               | 272.184,88                             |
| TOTAL                             | 1.177.560,58                        | 0,00   | 0,00                          | 1.177.560,58                           |
| TOTAL<br>XERAL<br>CONSOLIDA<br>DO | 12.629.100,93                       | 274.400,00   | 274.400,00                    | 12.629.100,93                          |



| INGRESOS                |                          |   |                           |                             |
|-------------------------|--------------------------|---|---------------------------|-----------------------------|
| 2018                    | ORZAMENTO DA CORPORACIÓN | ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS | TRANSFERENCIAS A ELIMINAR | ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO |
| CAPITULO I              | 4.978.944,91             |   |                           | 4.978.944,91                |
| CAPITULO II             | 80.000,00                |   |                           | 80.000,00                   |
| CAPITULO III            | 2.097.785,77             |   |                           | 2.097.785,77                |
| CAPITULO IV             | 5.119.272,38             | 274.400,00                                      | 274.400,00                | 5.119.272,38                |
| CAPITULO V              | 77.097,87                |   |                           | 77.097,87                   |
| TOTAL                   | 12.353.100,93            | 274.400,00                                      | 274.400,00                | 12.353.100,93               |
| CAPITULO VI             | 0,00                     |   |                           | 0,00                        |
| CAPITULO VII            | 0,00                     |   |                           | 0,00                        |
| CAPITULO VIII           | 6.000,00                 |   |                           | 6.000,00                    |
| CAPITULO IX             | 270.000,00               |   |                           | 270.000,00                  |
| TOTAL                   | 276.000,00               | 0,00  | 0,00                      | 276.000,00                  |
| TOTAL XERAL CONSOLIDADO | 12.629.100,93            | 274.400,00                                      | 274.400,00                | 12.629.100,93               |

**SEGUNDO.** Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

**TERCEIRO.** Aprobar o teito de gasto de acordo coa Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para o exercicio 2018 de acordo cos cálculos da regra de gasto :

|  |       |               |
|--|-------|---------------|
| <b>LÍMITE DE GASTO COMPUTABLE FINAL CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS:</b> | 2,4 % | 11.194.839,85 |
| <b>LÍMITE DE GASTO COMPUTABLE ORGANISMO AUTÓNOMO: I.M.D.</b>           | 2,4 % | 271.172,46    |

**CUARTO.** Aprobar a masa salarial do persoal laboral do Concello, que ascende a 1.027.290,10 €, e do I.M. de Drogodependencias 174.041,72 €

**QUINTO.** Expor ao público o Orzamento Xeral para o 2018, as Bases de Execución e o cadro de persoal aprobados, por un prazo de quince días hábiles, computando o prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ó público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

**SEXTO.** Considerar elevados a definitivos estes Acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

**SÉPTIMO.** Remitir copia á Administración do Estado, así como, á Consellería de Facenda da Comunidade Autónoma, a través das plataformas habilitadas ó efecto.”

Tralas intervencións regulamentarias, o Pleno, por seis votos a favor (Grupo Socialista), nove votos en contra (Grupo do PP e concelleiras/o non adscritas/o) e dúas abstencións (Grupos do BNG e de Esperta Monforte), adopta o seguinte

#### ACORDO

Non aprobar a proposta presentada de orzamento municipal para o exercicio 2018.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

Do Sr.Alcalde, que di que por terceiro ano consecutivo o orzamento é presentado en tempo e forma. Foi visto cos voceiros e voceiras dos grupos. Ten cinco eixes principais: marcado carácter social, maior capítulo de investimentos, máis cantidade para emprego, redución da débeda e o destinado para Cultura. Ascende á cantidade de 12.303.834,56 euros, o que supón un incremento de 209.261,08 euros, o 1,65% en porcentaxe. Os ingresos son acordes co IPC de aumento nas ordenanzas fiscais. Nas áreas de gasto, hai incremento no importe destinado á axuda a domicilio. En emerxencia social, pásase de 30.000 a 35.000 euros. Mantense a cantidade de 24.000 euros para actividades culturais e sociais. O “xantar na casa” pasa a 62.000 euros, por anualidades atrasadas da Consellería de Benestar. En libros de texto, de 12.000 euros pásase a 14.000 euros, un 14,28% máis. No bus universitario, esas mesmas cantidades; no mandato anterior eran 9.000 euros, hai un aumento de 5.000 euros co actual equipo de goberno. Na área de deportes, mantemos a partida do ano pasado para deportistas individuais. Para Cultura chégase a 207.000 euros, case un 16% máis. Están as axudas nominativas, como as do CCU, Cáritas, Cruz Vermella ou as Clarisas. Preveamos un convenio con Cogami por 10.000 euros para un proxecto de accesibilidade. Hai case un 100% máis para alumeadado público. 12.000 euros son para desbroces en Santo Domingo. Tamén está a Gardería, o CIM ou o Plan de Igualdade. Prevese unha partida para emprego e a posibilidade dun obradoiro de emprego. Para o selado do vertedoiro da construción, que custa 239.000 euros, este anoponse o 50% desa cantidade. 10.000 euros son para estudos de sinalización turística. As liñas do orzamento de 2017 foron melloradas, son uns orzamentos sociais e investidores.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que como xa fixeron público, van votar en contra deste proxecto de orzamento. Primeiro, pola actitude do Alcalde; segundo, por incumprimentos do ano pasado; terceiro, pola xestión que se fai dos cartos públicos e a falta dun modelo de cidade. No primeiro punto, mantense a actitude do primeiro ano, no que houbo votación de confianza. Dixémoslle de ter diálogo e acordos coa oposición. Segue igual. Ten, segundo lle dixo Margarita Robles a Rajoy, a soberbia da maioría absoluta, non fai e non deixa facer á oposición. Soberbia, arrogancia e prepotencia, cando ten seis de dezasete concelleiros. Despreza á oposición. Non ten vontade de negociar, só de cara á galería. Carece de talante. Pedinlle unha copia do borrador do orzamento e dixo que non por consello dos técnicos. O segundo vén de cando favorecemos o orzamento de 2017, polo das rúas da Estrela e do Conde e por axudas para o emprego e para familias para gardería. Onde está o da rúa do Conde? Onde a humanización da rúa da Estrela? Non estou para crer, se non o vexo. O das axudas aos emprendedores fíxose tarde –en outubro- sen consulta ou mostra documental algunha. Veremos se aumenta a partida ou quedan cantidades insignificantes. Polo menos sacouno, pero



#### FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/01/2018  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 30/01/2018  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/01/2018 15:57:13



que pasou co da gardería que non foron publicadas as bases? Dixo na radio que era incompatible co da Xunta, que menos que chamarnos, pero iso debe ser rebaixarse. Podiamos mirar alternativas, temos ideas, e ideas boas, pero para vostede é un esforzo escoitarnos. Queda o terceiro para a miña segunda intervención.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que son uns orzamentos absolutamente continuístas. O ano anterior votamos en contra por non haber suficiente investimento e por unha presentación non adecuada, segue o mesmo este ano. Uns orzamentos dialogados é falar con tempo, non chegar con eles pechados. Somos conscientes de que o noso voto non inflúe. Se o noso voto fose decisivo, votaríamos en contra. O único que podemos obter é unha pequena partida para elaborar un Plan de prevención e defensa contra incendios forestais. Entendo que a partida figura, espero o compromiso dun estudo feito antes da primavera. Gustaríanos que nos tivese chamado con tempo par ver proxectos prioritarios. Como dixo Dna. Pilar López, non ten por norma a concesión de diálogo. Conversar non é dialogar. Reflexione sobre a súa maneira de gobernar. Se o voto fose decisivo, non contaría co noso apoio. Se asume o compromiso do Plan contra o lume, terá a nosa abstención.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que de novo nos corresponde valorar o orzamento que presenta o Grupo de goberno. A nosa sorpresa por ese anuncio de Esperta Monforte dun Plan contra os incendios, este Grupo trouxo unha proposta sobre iso e todos vostedes votaron en contra. O Grupo Popular vai votar en función non da actitude do Sr. Alcalde ou do seu cumprimento de compromisos, incluído o de Esperta Monforte ou os do BNG, senón en función da valoración deste documento. É bo ou é malo para a cidade? Analizando os ingresos, o aumento de 209.000 euros vén de impostos ou taxas. Cando dixemos de baixar o tipo do IBI, o Alcalde dicía que o IBI ía baixar en urbana e aumentar en rústica. Hai 270.000 euros para novo endebedamento. En persoal debe elaborarse a RPT. É necesario, segundo di a Intervención, regularizar as prazas temporais. Serve afrontar os problemas de sempre co mesmo de sempre? Canto hai para turismo ou emprego? Pouco. Comprendo a petición do BNG sobre a mocidade. Cal é o modelo de cidade? Dixo que iso está no Plan Xeral, que está nun caixón. Cando chegan ideas, faga de atendela, como no caso do Hotel Comercio. Isto non permite avanzar á cidade. É máis do mesmo. Votaremos en contra.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que os orzamentos non son os que eles queren. Son continuístas, parellos aos do ano pasado. Botamos en falta cousas: en investimentos, en medidas para o rural, en medidas contra a perda de habitantes. As subvencións deportivas deben combinar a valoración co normativo. Deberíamos avogar máis por actividades. En turismo, comercio ou emprego, os gastos deben ser produtivos. Espero que moitas destas deficiencias se remedien, por exemplo, co Plan Provincial. Pero somos responsables, o orzamento é unha ferramenta importante do goberno municipal. Recordo unha conversa co Alcalde polo voto en contra do orzamento, creo que en 2012, dixeran que non se debía facer desgaste político cos orzamentos, vou ser coherente con aquilo. Está en minoría, necesita acordos, non se fixeron en tempo, nós traemos dúas cousas (figuran nun escrito repartido ao inicio da sesión): **“Emenda nº 1. Habilitar no apartado de inversións unha partida específica que contemple o arranxo integral da rúa Santo Domingo. - Emenda nº 2. Habilitar as partidas orzamentarias precisas para elaborar e executar un “Plan específico de actividades dirixidas á Mocidade”.** Que a mocidade se involucre na vida política de Monforte. Se se acollen as emendas, o noso voto non vai ser en contra.



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/01/2018  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 30/01/2018  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/01/2018 15:57:13





Do Sr.Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que lle di á portavoz de Esperta Monforte que dentro dos plans do orzamento, está o que ela formulou e trataremos de levalo a cabo, pero se o orzamento non está operativo ata febreiro, ata marzo non se poderá contratar nada. Dille ao portavoz do BNG que é razoable o que propón. Aceptámolo, unha das obras a facer será a da rúa Santo Domingo e xa están recollidas as actividades para a mocidade. Dille á representante dos non adscritos que por que non se mira no espello e se pensa que lle irá ben especializándose en insultos. A situación económica é moito mellor que cando cheguei á Alcaldía. Había un Remanente de Tesourería de 4.200.000 euros e agora é de 5.700.000 euros, cunha perspectiva de seis millóns de euros para o futuro.

De Dna. Pilar López Martínez, que recorda os tres motivos para estar en contra do orzamento. O terceiro é a xestión que se fai e a falta de proxecto ou modelo de cidade. Xa é hora de que nolo diga despois de dous anos e medio de mandato. Se isto que presenta é todo o que ten que ofrecer, reformule a Alcaldía. Non acomete os problemas da rede de abastecemento, nin a humanización –é mellor que asfaltar- das rúas como a da Duquesa de Alba ou a rúa Cobas. O Plan Económico Financeiro, que non se aprobou, foi por gastar máis dun millón de euros sobre o permitido. No de Aqualia foi grave o acordo que se trouxo, menos mal que non llo aceptamos, aí están a sentenza e a desistencia. De máis dun millón de euros que pedía a empresa pasouse a 336.000 euros e despois a nada, tardou en dalo a coñecer.

De Dna. Maribel García Díaz, que cre que convén que o Alcalde se aplique a crítica de como leva o tema do orzamento. Se o noso voto fose decisivo, tamén sería en contra. Sendo necesario recuperar rúas, ao mellor dálle moitos votos, a cidadanía pode valoralo; non é o proxecto de cidade que me gustaría. Se tivese convocado a tódolos grupos e o tivese tratado, podíamos sacar adiante o orzamento. Eu non estaría contenta de que a oposición non participe no orzamento. Dille a Dna. Julia Rodríguez que cre que non traballa polo ben de Monforte. A proposta do seu Grupo nada ten que ver co estudo de Esperta Monforte. Por exemplo, en Bascós estaba unha boca de rego pechada, o noso estudo permitiría resolvelo.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle di á anterior interveniente que traballa para o que a puxeron aquí. Estes orzamentos reducen as partidas para os camiños municipais. O Alcalde dille ao BNG sobre o da mocidade que xa está, o mesmo co estudo de Esperta Monforte. Hai que analízalo, porque isto non é unha graza. As bases de execución seguen igual, recorde unha moción nosa. Botamos de menos criterios obxectivos para as transferencias a clubs e demais. Botamos de menos as obras que ten que facer Aqualia segundo o contrato. Hai contratos que non se regularizan. É un orzamento para avanzar ou para seguir igual? Nada hai para o Camiño de Inverno nin para a praia fluvial nin para a Muralla.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que o orzamento é o documento que lemos todos. O da mocidade ao mellor atópoo con posibles achegas. Somos conscientes de que temos un concelleiro e da situación por iso de representación nesta Cámara. Agradecemos que se acepten as nosas propostas. Se xa antes me abstiven, agora non voto en contra, a abstención é para facilitar o orzamento.

Do Sr.Alcalde, que lle di a Dna. Pilar López que debía darlle vergonza falar de Aqualia despois de doce anos gobernando. Dille a Dna. Julia Rodríguez que a Xunta aporta 89.000 euros para gastos sociais; como 200.000 euros é o que destina o Concello a esa finalidade, a Xunta pon 111.000 euros menos que o Concello. Dille a Dna. Pilar López que compare a débeda e o investimento deste orzamento e o do anterior goberno. Debería votar este orzamento cos ollos pechados. Tivemos que

coller marróns como o do selado do vertedoiro. Pode votar que non sen inventar o que inventa. Sobre os acordos do ano pasado, hai que ser perversa e ter mala fe para mentir desa maneira. Cumprimos todo. A rúa da Estrela está en obra. A obra da rúa do Conde empeza o 8 de xaneiro, está contratada. No emprego, de 28 solicitudes, foron adxudicadas 26.

### 3. SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DA FEIRA MEDIEVAL DE MONFORTE DE LEMOS COMO FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Para os efectos do previsto no Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia, a fin de que sexa obxecto de dita declaración a FEIRA MEDIEVAL DE MONFORTE DE LEMOS, e incluír entre os documentos a presentar para solicitalo formalmente, segundo o previsto no artigo 11 do Decreto citado, o acordo do Pleno do Concello onde conste expresamente a solicitude de declaración,

O Pleno municipal, por unanimidade, adopta o seguinte

#### ACORDO

SOLICITAR DA XUNTA DE GALICIA A DECLARACIÓN DA FEIRA MEDIEVAL DE MONFORTE DE LEMOS COMO FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que o Alcalde non busca solucións como no tema das rúas que falaron. Non atende as necesidades da veciñanza. No de Prodeme mostra arrogancia. Onde está a ordenanza do mercadiño do Parque dos Condes? Van case dous anos dende a última reunión en xaneiro de 2016 e xa quedara un borrador en 2015. Boicotea o pograma que podemos ter, por exemplo ao negar o Centro do peregrino no Hotel Comercio. Ante esta deriva, a balanza está en contra da súa xestión actual. Ía ser o mandato do emprego e no de Prodeme non busca solución senón que mostra desprezo cara á proposta. De vergonza o de Aqualia cun acordo a favor da empresa. Nos ingresos non conta o que lle dá a Deputación. Repite os tres motivos que deu para o non ao orzamento. No da Feira Medieval, imos celebrar que por fin teña en conta unha proposta nosa, trouxémola ao Pleno de marzo. Pero agora non imos nomear a outros. Vai ter o noso voto a favor. É algo que dinamiza á nosa cidade, precisamos proxección económica. Dille á portavoz do PP que meta man onde poida na Xunta de Galicia para canto antes ter isto. (O Sr. Alcalde dille que debe mirarse no espello para a prepotencia).

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que segundo o visto na Comisión informativa, votarán a favor. O Alcalde padece a necesidade de adxudicarse as iniciativas dos demais, foi unha proposta no seu día do BNG, non custaba nada dicir que se lle daba cumprimento. Esperta Monforte trouxo o da rampa de acceso ao Centro de Saúde e aparece vostede anunciando o arranxo sen dicir de quen é a iniciativa, non facilita o camiño para que a oposición colabore con



#### FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/01/2018  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 30/01/2018  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/01/2018 15:57:13



vostede. Poderíamos ter mellorado o orzamento con outro talante de gobernar, redundaría en beneficio dos cidadáns. Voto a favor, é bo para Monforte. Nesta feira hai participación da cidadanía, que cada día participe máis e a viva.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que as transferencias da Xunta son máis de 764.000 euros para o Plan de Cooperación e suman en total 1.588.349 euros. Cando dea unha información, déaa ben. Moitos servizos deste Concello sostéñense pola Xunta de Galicia. A proposta deste asunto é boa, no seu día tróuxoa o BNG. Isto non é ao chou, hai que cumprir uns requisitos. Sobre o problema de cumprir a moción do BNG con demora, máis problema é non cumprir con cousas boas para Monforte, como o do Hotel Comercio; ao ser da oposición, fai algo propio e esnaquiza o da oposición. Hoxe, co da rúa Cobas ou co do ICIO, ten que mirar se é bo para a cidade; si se pode, nós traemos o que se pode facer. No que atinxe a esta declaración, estivemos a favor no seu momento e estamos a favor agora. Non ten idea –dille a Dna. Maribel García- do que eu traballo; cando vostede enganou aos veciños, foi en interese dos veciños ou en interese do seu beneficio político?

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que no tocante a este asunto, é certo o da proposta do BNG en marzo. Estamos de acordo cos informes que se fixeron. Agardemos que se conceda esta declaración. Ao non facelo con anterioridade, está o risco de se chegaremos coa declaración á próxima festa. É bo para que a xente se involucre máis. Votaremos a favor.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que agradece a tódolos grupos o apoio. Agradecer tamén ao CCU e á hostalería o seu apoio e informes para incluír no expediente a remitir á Xunta una vez aprobado polo Pleno. Podíamos aprobar isto na Xunta de Goberno, pero queremos facer partícipe a toda a Corporación. Toda a crítica cáese por si soa. Dille a Dna. Julia Rodríguez sobre o caso á oposición, que no Parlamento tampouco a oposición é irresponsable e non lle fan caso. Dille a Dna. Pilar López que actitude de prepotencia é cando non te atés á cuestión, que non debes ter a palabra, e vostede tívoa catro minutos. Sobre o mercadiño, crearon vostedes esa pantomima e en catro anos non regularon nada. Tampouco fixeron a RPT en doce anos gobernando. Coincido con Dna. Julia Rodríguez na vergonza de como se xestionou o contrato de Aqualia. A gardería vai no orzamento; a Xunta deu o bono Concilia, non podemos actuar nese caso salvo que fagamos duplicidade, o que é ilegal; se a Xunta deixa a alguén sen axuda, dariámola nós. Cumprimos todos e cada un dos compromisos: a rúa da Estrela –a que ten ese nome-, a rúa do Conde, en materia de emprego e no da gardería. Pensa que é como cando vostedes gobernaban, que incumpriron máis de trescentos acordos. Acórdase da “kale borroka” pola auga? Non a baixaron, subírona, e aceptaron obras de xeito ilegal, usurpando competencias do Pleno.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que xa nos ten acostumbrados o Alcalde a faltas desta índole. Fai súas as ideas que propoñemos a oposición, agora dille ao BNG que xa tiña a idea sobre a rúa Santo Domingo. Eu son máis nova, con menos experiencia política, pero non son parva. Vostede está dende 2003 e durante catro anos cogobernou, era tamén vostede entón responsable. Isto na Xunta de Goberno? Quere que me axeonlle? A oposición está para controlar e fiscalizar, como fixo vostede.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que terá razón o Alcalde no da Xunta de Goberno, pero podía anunciálo en cumprimento dunha iniciativa do BNG. Dille a Dna. Julia Rodríguez que deixar a Monforte sen ser área sanitaria si que é non traballar por Monforte. Está de acordo no do internista por un dixestólogo?



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/01/2018  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 30/01/2018  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/01/2018 15:57:13





De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle di á anterior interveniente que é enfermeira, cómpre outra cualificación para dirixir a Sanidade. Dille ao Alcalde que para cingirse ao tema, hai no Parlamento un regulamento, aquí non o hai. Xa dixeramos nós que a Xunta cubría o da gardería co bono Concilia. Vostede é responsable do de Aqualia por acción ou por omisión. Agora é o momento de pasar á acción, iso desautorízao para criticar aos outros. Hai pouco houbo 48 horas sen auga, froito desa mala xestión.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que como cada un fala do que quere, no da gardería non habería bonos de ningún tipo se en Monforte o ente público ao que lle corresponde tivese unha gardería pública de calidade.

Do Sr. Alcalde, que di que cando teñamos que votar, saberemos de que iba isto. Segundo unha nota da Concelleira de Cultura, algún quería a “Galiña Azul”, que en Monforte non hai. Pregúntalle a Dna. Pilar López se deixaron algo previsto ou feito sobre a Compañía, o Morín, o saneamento do Porto Seco ou o abastecemento de auga. Din que deixaron isto dinámico e que vivimos de rendas. Mire como estaban os viais –pon algún exemplo-, iso era calidade? O mesmo co alumado. Non deixaron nin un só proxecto, pero si facturas sen pagar e os marróns que vimos afrontando. Aínda non aceptou os resultados electorais. Seguiremos traballando para un Monforte mellor.

#### **4. DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE DUNHA OBRA DE AMPLIACIÓN DE NEGOCIO E BONIFICACIÓN DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.**

Polo Sr. Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Logo de comprobar a solicitude (RE 5783- 26.04.2017) de bonificación no Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, realizada pola Sra. GONZÁLEZ RODRÍGUEZ CLARA (36012971P) en representación de ORLANDO MOURE CB (E27162452), en relación as obras de ampliación do seu negocio da Rúa Roberto Baamonde, 52.

Solicitan os interesados que lles sexa aplicada a bonificación prevista no apartado d) do artigo 7 da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras. Solicítase a aplicación dunha bonificación do 80% no imposto, pola creación dun novo posto de traballo.

Aos efectos os interesados achegan a seguinte documentación:

- Copia do documento da constitución da comunidade de bens denominada ORLANDO MOURE CB (E27162452)
- Alta no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos da Sra. LUCIA TORRES VAZQUEZ de data 01.06.2017.
- Contrato de Traballo, no centro de traballo, Rúa Roberto Baamonde, 52 a nome da Sra. MOURE TORRES ELMA. Data contrato dende 21.06.2017 a 15.09.2017. Renovación 16.09.2017 a 20.06.2018.



- Contrato de Trabajo, no centro de trabajo, Roberto Baamonde, 52 a nome de CARNEIRO SALVADOR CINTIA. Dato contrato 13.07.2017 a 30.09.2017. Renovación 01.10.2017 a 12.07.2018.

Da documentación presentada despréndese que son tres os postos de traballo creados.

Logo de comprobar que por acordo de Xunta de Goberno Local do día 29 de maio de 2017 concedeuse licenza de obras para a ampliación de local adicado a venda de artigos de pastelería e repostería e café bar sito da rúa Roberto Baamonde 52.

Logo de comprobar o informe técnico emitido polo aparelador municipal na data de 24 de maio de 2017, segundo o cal o obra obxecto da devandita licenza consiste na ampliación e reforma do local inicial; trátase dunha intervención que produce unha variación esencial da composición xeral exterior e da volumetría do mesmo, xa que pasa dunha superficie útil de 83,25 m<sup>2</sup> a 245,80m<sup>2</sup>.

Logo de comprobar o artigo 103.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais que establece que as ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación sobre a cota de Imposto de Construcións, Instalacións e Obras “de ata o 95% a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico - artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Logo de comprobar o artigo 7 da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, na que se establece que gozarán dunha bonificación na cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras polas obras que sexan de especial interese ou utilidade por concorrer determinadas circunstancias.

No apartado d) se estable unha bonificación polas obras de ampliación ou reforma de actividades empresariais.

Entenderase por ampliación ou reforma as que alteren a configuración arquitectónica dos edificios, entendendo por tales as que teñan carácter de intervención total ou as parciais que produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, a volumetría, ou o conxunto do sistema estrutural, ou teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio.

Para a aplicación das bonificacións previstas neste apartado será necesario que as devanditas obras se acompañen da creación de novos postos de traballo, que deberán manterse polo menos nun prazo igual a 2 anos, contados dende a finalización das construcións, instalacións e obras.

D1) 90 % ..... pola creación de 2 o máis novos postos de traballo

D2) 80 % ..... pola creación de 1 novo posto de traballo

A creación de novos postos de traballo acreditarase mediante a presentación por parte dos interesados, das correspondentes altas da Seguridade social:

- No réxime xeral, cando se trate de contratación por conta allea
- No réxime especial de traballadores por conta propia o autónomos, cando se trate de autoemprego

No caso de que a creación de novos postos de traballo non poda xustificarse no momento da concesión da licenza xustificarse dende o momento da modificación da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas e nun prazo máximo de 6 meses.

O recoñecemento de dita bonificación corresponderá ao Pleno voto da maioría simple dos seus membros sen prexuízo das delegacións que poidan proceder segundo a normativa vixente.  
Logo de comprobar o Informe emitido pola Intervención.

Logo de comprobar o artigo 22.2.da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.

O Pleno municipal, por unanimidade, adopta o seguinte

### ACORDO

**PRIMEIRO.- DECLARAR DE ESPECIAL INTERESE A OBRA** referenciada e **CONCEDERLLE** unha bonificación do 90% da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

**SEGUNDO.- ADVERTIR** aos interesados da obriga de manter polo menos dous postos de traballo nun prazo igual a dous anos contados dende a finalización das construcións, instalacións e obras.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que van votar a favor. Dille á portavoz do PP sobre o bono Concilia en relación co servizo de gardería infantil, que a primeira vez foi en 2016 e repetiuse en 2017. Antes, nada. A nosa solicitude foi previsora, tendo en conta a problemática sobre isto. (O Sr. Alcalde dille que segundo o ROF, tería que cingirse á cuestión). Utilizo as quendas como todos, igual que vostede.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que van apoiar isto do ICIO. Esperamos apoio nas mocións de despois.

### 5. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE AS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DA RÚA COBAS.

(No debate conxunto deste asunto e o do punto 6 da orde do día, auséntanse e reincorpóranse D. Iban Torres Rodríguez, Dna. Pilar Espinosa Novelle, Dna. Alicia Cadarso Palau, D. Manuel Jesús López Sánchez, Dna. Marina Douton Rajo, Dna. Gloria Prada Rodríguez e Dna. Maribel García Díaz).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias en debate conxunto co punto 6 da orde do día, acórdase o seguinte:

### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Pleno da Corporación  
Sesión ordinaria do 18.12.2017

Páxina 11 de 27

1º Este Grupo Municipal ten solicitado en reiteradas ocasións a mellora do pavimento de numerosas rúas da nosa cidade e viales das parroquias, debido ao mal estado en que se atopan os seus asfaltados, con numerosos socavóns, ou un desgaste moi acentuado, que non se corresponde co estado de mantemento mínimo que debe presentar unha rúa en plena zona urbana, ou un vial que da acceso a unha parroquia.

Unha desas rúas sobre as que pedimos que se actuara é a rua Cobas. As últimas iniciativas nese sentido, en abril de 2016, en que levamos unha moción a pleno que foi aprobado, e en abril de 2017 unha pregunta sobre a actuación levada a cabo.

2º O pasado 14.9.2017, publicouse o anuncio de adjudicación do contrato de pavimentación da Rúa Cobas, tramitado por procedemento negociado sen publicidade, cuantificado en 58.662 €, e adjudicado o 11.9.2017 por un importe de 56.649'90 €, á empresa EXTRACO S.A.

As obras que se están executando, contan co rexeitamento dos veciños, toda vez que se vai pavimentar únicamente a parte central do vial, deixando as marxes ata os peches de casas e fincas, ou ben de terra ou ben como foran pavimentadas polos propios veciños.

Nalgúns casos, os espazos terrizos dos laterais, deixanse a un nivel superior o do vial, ou mesmo en pendente, polo que, non contando este vial con infraestrutura de recollida de augas, as mesmas verterán sobre o pavimento ou mesmo hacia as vivendas da outra beira.

A execución do vial únicamente na parte central, sin levar o pavimento ata os peches e vivendas adxacentes, creará ademais un problema de seguridade vial, porque obrigará aos peatóns a circular pola estrada, ao non poder facelo polos marxes terrizos. O número de peatóns que transitan por esta vía ten aumentado dende que se abriu ao público o paseo do rio ata Piñeira.

-O proxecto de renovación do pavimento da rúa Cobas, é como o de outras ruas, un lavado de cara; non se pretende dar resposta aos problemas que presenta a rúa, de maneira que quede ben para longo tempo; o que se fai é dar a aparencia de mellora, con obras superficiais que dentro de pouco, precisarán de novas actuacións. Deixar a rua Cobas pavimentada solo parcialmente, sería un deses exemplos. Ao noso entender, unha mala maneira de xestionar os recursos públicos.

Esta portavoz, ten trasladado esta cuestión ao Sr. Alcalde, que ten manifestado que a obra se executará conforme ao proxecto, que inclúe únicamente a parte da calzada, como manifestan os veciños. O certo é que a rua debe ser pavimentada na súa integridade, e non deixando espazos terrizos que non favorecen o tránsito de peóns nin o mantemento futuro do pavimento.

O proxecto debería ser obxecto dunha modificación ou dunha obra complementaria, para pavimentar toda a plataforma, vistos os inconvenientes que xurdirán si se pavimentar únicamente a zona por donde transitan os vehículos.

Vista a forma en que se está levando a cabo a execución das obras, este grupo municipal, insta ao Sr. Alcalde, a levar a cabo a pavimentación íntegra da rua Cobas, en toda a súa anchura, ata os peches e vivendas adxacentes, facendo as xestións necesarias, de modificación do proxecto ou de execución



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/01/2018  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 30/01/2018  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/01/2018 15:57:13



dunha obra complementaria, para que a pavimentación desta rúa, se faga en condicións axeitadas para o uso que lle é propio. Tamén precisaría dun sistema de recollida de augas.

Por tal motivo, o Pleno, por once votos a favor (Grupos do PP, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e seis votos en contra (Grupo Socialista,), adopta o seguinte

### ACORDO

#### INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO:

A adoptar as medidas necesarias, para a pavimentación da rúa Cobas en toda a súa anchura, ata os peches e paramentos das vivendas adxacentes, de maneira que os veciños e usuarios de esta rúa, poidan facer uso da mesma en condicións óptimas de tránsito e seguridade, para vehículos e peatóns, recurrido a tal fin a unha modificación do proxecto que se está a acometer, ou a unha obra complementaria da que se está a executar na rúa Cobas, incorporando un sistema de recollida de augas.”

No debate conxunto deste asunto e o do punto seguinte, producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que fai unha exposición acorde co que figura na moción do seu Grupo. Queremos que se lles dea unha solución aos veciños, que o Grupo de goberno actúe con sensibilidade.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que as obras son reformas de maquillaxe. Facémonos eco dos veciños. Le os acordos que figuran na súa moción, con algunha explicación adicional. Agardamos que o Alcalde e o seu equipo de goberno estean a favor desta iniciativa.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que van votar a favor. Parece de sentido común que se faga de forma satisfactoria. Déamoslle saída aos seis millóns dos que alardeou.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que é un proxecto que levaban no programa electoral, como o da rúa Santo Domingo, que afecta ao turismo e á muralla. A rúa Cobas non é unha estrada, é unha rúa. De acordo coas mocións, pero hai que ser máis ambiciosos: ver a complexidade que ten, as beirarrúas e demais, para un arranxo a fondo. Isto puido ser unha emenda nos orzamentos que debatemos.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que lle di á portavoz do PP que para a sensibilidade que ten coa rúa Cobas o equipo de goberno, non lle fará falta que lle explique como estaba a rúa Cobas. Resulta curioso o que o PP e os actuais non adscritos gobernaron Monforte durante 20 anos esquecendo a rúa Cobas e agora enredan. Por que non se lembraron en 20 anos? É un comportamento político para restarlle importancia ás obras. Creo que non van contar coa maioría dos veciños. Eu tamén os escoito, no Concello e no sitio. En 2015, Cobas estaba en estado de abandono, era unha mala pista do rural. Foi un compromiso para este mandato e estámelo facendo. Nun ano, van investidos 100.000 euros no barrio de Cobas.



#### FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/01/2018  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 30/01/2018  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/01/2018 15:57:13





De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que falou cos veciños. Se o Alcalde falou con eles, teríalle chegado o seu sentir sobre a execución da rúa. Compartin o anterior mandato con vostede. Vostede todo era contra a Xunta, por iso é responsable por acción ou omisión. O BNG non atendía as nosas propostas, como agora vostede. Se non modifica o proxecto, será por obstinación no seu. Aínda espero que vote a favor e o cumpra.

De Dna. Pilar López Martínez, que pregunta se é certo ou non que os veciños de Cobas se dirixiron ao Concello e ao Alcalde para trasladarlle as queixas. Cando di que Cobas estaba esquecido, debe ter memoria selectiva, pero non ía ser como Alcalde o salvador do Concello? Debe gastar ben os cartos públicos. Dille ao BNG que de acordo, que hai que ser máis ambiciosos, pero se para botar zahorra hai estas dificultades, imaxine se pedimos máis, pero se quere, modifíco a moción e poño as beirarrúas. Os veciños queren polo menos unha diferenza entre o tráfico de peóns e o de vehículos. Agardamos unanimidade para unha iniciativa dos propios veciños.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que xa anunciou que está a favor.

(D. Emilio José Sánchez Iglesias non intervén nesta quenda).

Do Sr. Alcalde, que di que os 100.000 euros para Cobas foron para a pavimentación ata a gardería, para a iluminación pública e demais. Isto son compromisos reais. Dille á portavoz do PP que se a Xunta aportase outro tanto –era tan necesario o da praza de Sober?, por que non para Cobas?, xestione algo para Monforte-, se a Xunta fose como a Deputación, outro galo nos cantarían. Imos contratar doce rúas e varios camiños. O que non deixamos é ningunha obra como a da rúa Pardo Bazán, unha beirarrúa arranxada e a outra non. A seguridade dos peóns non a había antes tampouco, pero agora vai mellorar. Ponlle exemplos a Dna. Pilar López sobre a eficiencia que non houbo en obras no goberno anterior.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que esta rúa é competencia municipal. Eu sempre estiven na oposición. Traio iniciativas que non cumpren. Teño feito xestións sobre a rúa Chantada, a ronda M<sup>a</sup> Emilia Casas e outras. Non teño que xustificarme en seis anos aquí, e vostede que fixo en catorce anos?, hai que ter impudencia. A min non me importa Sober, pero este Grupo fixo unha proposta dun concurso de ideas sobre a praza da Compañía para o Plan Especial e Sober si fixo concurso de ideas. Instálase na negativa. O dos veciños é de sentido común. Escoite aos veciños e remate ben esta obra antes de meterse en doce rúas máis. Se non o apoia, síntoo polos veciños. Dille ao BNG que tamén é ambiciosa, pero pedimos o mínimo.

De Dna. Pilar López Martínez, que lle di ao Alcalde que algo fixeron en Cobas, que a el tamén no seu día lle quedarán cousas. Dédicolle un pareado: “A Monforte polo Nadal chegará o asfaltador / en lugar do apalpador”. Á parte do asfaltado, que fai? Hai que humanizar a rúa, con beirarrúas, con árbores. Vóteu ou non, fágao, son os veciños; non me contestou se llo trasladaron.

Do Sr. Alcalde, que lle pregunta á portavoz do PP se el apoiaba moito ao BNG ou era parecido ao que pasa agora, e dille que o das rotondas da Ronda M<sup>a</sup> Emilia Casas foi doutro Grupo. (Dna. Julia Rodríguez di que deles tamén). Dille a Dna. Pilar López que arranxamos o que está desarranxado. Cumprimos cos veciños de Cobas o que comprometimos. Dille ao público asistente que non proceden mostras de aprobación ou desaprobación.



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/01/2018  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 30/01/2018  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/01/2018 15:57:13



## 6. MOCIÓN DE CONCELLEIRAS/O NON ADSCRITAS/O SOBRE A REFORMA DA RÚA COBAS.

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias en debate conxunto co punto 5 da orde do día, acórdase o seguinte:

“Despois de visitar e mantermos unha reunión coa veciñanza da rúa Cobas de Monforte, e tal como xa anunciamos o pasado luns, día 4 de decembro, puidemos comprobar que a reforma desta rúa non presenta un proxecto que satisfaga as necesidades da veciñanza.

Segundo sabemos, o proxecto está orzamentado en case 60.000€, se ben, non hai máis que achegarse até alí, para comprobar que deste investimento despréndense numerosas carencias que saltan á vista, carencias, por outra banda, que os propios veciños lle trasladaron ao Sr. Alcalde.

A actuación non contempla o asfaltado total da rúa, deixando parte desta con terra, dando como explicación que os muros se poden vir abaixo se se elimina a totalidade da terra. Ao noso xuízo isto, non é máis ca unha escusa, pois antes de investir 60.000€, haberá que buscar todas as solucións posibles para que os cartos de todos os monfortinos e monfortinas sexan empregados con cabeza e non se malgasten.

Por desgraza este tipo de actuacións - reformas de maquillaxe -, xa se están facendo habituais na nosa cidade. Lembremos, por exemplo, a reforma da rúa Duquesa de Alba - que o noso grupo tamén trouxo ao pasado pleno -, na que se fan as beirarrúas novas e se asfalta a rúa na súa totalidade e, pola contra, non se buscaron nin se buscan solucións, para que se substitúan as tubaxes de abastecemento de auga nin por parte do concello, nin tampouco se lle solicita e/ou esixe a Aqualia que o faga. É dicir, obras incompletas xa que só actúan na superficie e expoñen as reformas a remendos posteriores.

Ademais non debemos esquecer, que esta rúa é cada vez máis empregada pola veciñanza da zona e mesmo por peóns que circulan polo paseo do río accedendo por este espazo. Por esta razón, nós preguntámonos por onde van circular os peóns se se procede ao asfaltado tal como se ten previsto. O lóxico e normal, sería habilitar un espazo específico para os viandantes nas dúas beiras da rúa e non estamos a solicitar beirarrúas, pero si un espazo con zahorra, por exemplo, que determine o vial dos peóns.

Neste senso e co obxectivo de que os cartos públicos se empreguen dun xeito eficiente,

O Pleno da Corporación Municipal, por once votos a favor (Concelleiras/o non adscritas/o e Grupos do PP, do BNG e de Esperta Monforte) e seis votos en contra (Grupo Socialista.), adopta o seguinte

### ACORDO

Instar ó equipo de goberno:

1. A paralizar e/ou modificar o proxecto de reforma da rúa Cobas, para reformular a obra de cara a unha actuación máis eficiente, que sexa cómoda para as persoas e poida ter a maior vida útil posible, sen andar a ter que facer remendos posteriores.



2. En base a isto, proceder á retirada da terra en toda a superficie da rúa, buscando as solucións precisas para non causar danos nos muros de pechamento das fincas, habilitar un espazo de zahorra ou material semellante para o tránsito dos peóns nos laterais da rúa e asfaltar a totalidade do espazo da rúa.
3. A substituír os puntos de luz da rúa Cobas por outro tipo de luminarias, que xeren máis luz e, ao mesmo tempo, presenten un menor custe enerxético, continuando así coa reforma do primeiro tramo da rúa.”

## 7. MOCIÓNS E ASUNTOS DE URXENCIA.

Segundo o previsto no artigo 91.4 do ROF, por ser esta unha sesión ordinaria, o Pleno, por unanimidade, acorda incluír os seguinte asuntos:

### A) APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS PARA O EJERCICIO DE 2018.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido por urxencia pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“No certificado emitido polo Secretario do Concello, tralo período de exposición pública do acordo do Pleno municipal do 23/10/2017 relativo á *Modificación de Ordenanzas Fiscais para o exercicio de 2018*, figura que se presentaron no rexistro do Concello os seguintes escritos:

1º. **Da Asociación Prodeme.**- Recordatorio do escrito presentado o 23 de outubro de 2017, no que solicitaba unha **bonificación do 90% do ICIO para entidades declaradas de utilidade pública e sen ánimo de lucro nas obras vinculadas cos seus fins sociais.**

2º. **Da empresa Aqualia.**- Reclamación de cantidades por non terse actualizado as tarifas dos servizos dos que é concesionaria; no parágrafo terceiro do que se solicita, figura un **incremento das tarifas para 2018 superior ao aprobado** polo Pleno no expediente de modificación de ordenanzas fiscais para 2018.

O informe ao respecto da Intervención municipal, di o seguinte:

“O que solicita a Asociación Prodeme, segundo figura no escrito presentado o 23 de outubro de 2017, non está entre as bonificacións previstas na Lei Reguladora das Facendas Locais, que son as que se recollen no artigo 103.2 de dita norma.

(...)

Segundo o artigo 9 da Lei de Facendas Locais non se poden recoñecer beneficios fiscais que non estean expresamente previstos en normas con rango de lei.

Respecto ao incremento de tarifas para 2018 reclamado por Aqualia, tanto o incremento aprobado para a taxa por abastecemento de auga como para a taxa de saneamento e depuración, foi acorde cun IPC do 1,6 % homoxéneo para o conxunto de incrementos aplicados no expediente de modificación de ordenanzas para 2018.”

Tendo en conta o informado no que respecta ao solicitado pola Asociación Prodeme,



Considerando no que respecta ao escrito da Empresa Aqualia, que ten que ver con cumprimentos contractuais do Concello; de feito, tráese a este expediente como un separativo do que reclama a empresa, e ela mesma inclúe con carácter subsidiario unha compensación retributiva; isto, e o que vén de anos anteriores será obxecto do estudo, informes e decisión que proceda, pero de forma inmediata non debe o Concello condicionar esa decisión e procede manter o IPC xeral aplicado no expediente de modificación de ordenanzas fiscais para 2018 tamén para as tarifas das taxas de abastecemento de auga e de saneamento e depuración.

En consecuencia, o Pleno municipal por doce votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o e) e cinco abstencións (Grupo do PP), adopta o seguinte

### ACORDO

**PRIMEIRO.-** Desestimar no que afecta ao expediente de modificación de ordenanzas fiscais para 2018, o que figura en escritos presentados pola Asociación Prodeme e pola empresa Aqualia durante o prazo de exposición pública do acordo de aprobación provisional do expediente.

**SEGUNDO.-** Aprobar definitivamente as modificacións das Ordenanzas Fiscais para 2018, nos termos do acordo provisional aprobado polo Pleno o 23 de outubro de 2017.

**TERCEIRO.-** Os acordos definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor o primeiro de xaneiro de 2018 e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.”

(Non houbo intervencións neste asunto).

### **B) MOCIÓN DE CONCELLEIRAS/O NON ADSCRITAS/O SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO).**

(No debate conxunto desta moción e das dúas seguintes, auséntanse e reincorpóranse D. José Luis Losada Fernández, D. Francisco José Cela Rodríguez, Dna. Pilar López Martínez e Dna. Gloria Prada Rodríguez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada por urxencia favorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas. En base a dito ditame e tras intervencións regulamentarias en debate conxunto coas dúas mocións seguintes, acórdase o seguinte:

“Segundo nos consta pola documentación que nos foi entregada en días anteriores por parte da Asociación PRODEME de Monforte, esta asociación tenlle solicitado ao Sr. Alcalde, con data do 23 de outubro de 2017, unha solicitude de revisión da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, a coñecida como ICIO, pola que se modificaría unha bonificación do 90% para aquelas entidades de carácter social e sen ánimo de lucro ou declaradas de Utilidade Pública que realizan obras vinculadas cos seus fins sociais.



#### FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/01/2018  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 30/01/2018  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/01/2018 15:57:13



Posteriormente, con data 5 de decembro de 2017, volven poñerse en contacto co concello para poñerse á súa enteira disposición e así aclarar dúbidas, dar a información necesaria así como aportar máis documentación co fin de facilitar a posible revisión e modificación da devandita bonificación.

Segundo parece, en ningún caso tiveron unha resposta por parte do Sr. Alcalde, cuestión que descoñecemos cal é ou foi o motivo para non querer atender esta petición.

Como todos sabemos, esta entidade ten en marcha un proxecto de APROVEITAMENTO INDUSTRIAL DA BIOMASA A TRAVÉS DUN CENTRO OCUPACIONAL, CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO E FORMACIÓN DUAL, valorado en máis dun millón de euros cunha superficie construída de máis de 4.000m<sup>2</sup> no Polígono Industrial do Reboredo.

Na Ordenanza Fiscal á que facemos referencia, vixente a día de hoxe, figura no artigo 7 BONIFICACIÓN, na epígrafe e), o seguinte texto:

*“ARTIGO 7. e) 30 % na cota do imposto polas demais obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, históricas, artísticas ou de fomento da ocupación que o xustifiquen, a solicitude dos interesados mediante memoria xustificativa en apoio de tal prestación. As bonificacións deberán solicitarse simultaneamente á solicitude da licenza de obras, achegando a documentación que acredite a concorrencia das circunstancias que dean dereito as mesmas. O recoñecemento das bonificacións aludidas corresponderá ao Pleno voto da maioría simple dos seus membros sen prexuízo das delegacións que poidan proceder segundo a normativa vixente. As devanditas bonificacións quedarán sen efecto por non cumprirse as condicións por razón das cales se concederon as mesmas.”*

Neste sentido e entendendo que a solicitude se axusta a dereito,

O Pleno da Corporación Municipal, por once votos a favor (Concelleiras/o non adscritas/o e Grupos do PP, do BNG e de Esperta Monforte) e seis votos en contra (Grupo Socialista), adopta o seguinte

#### ACORDO

Instar ó equipo de goberno a que modifique o punto 7 e) da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, de tal xeito que se incremente do 30 ao 90% a bonificación a entidades de carácter social e sen ánimo de lucro ou declaradas de Utilidade Pública, do noso concello, que realicen obras vinculadas cos seus fins sociais, figurando o seguinte texto:

*ARTIGO 7. e) 90% na cota do imposto polas demais obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, históricas, artísticas ou de fomento da ocupación que o xustifiquen, a solicitude dos interesados mediante memoria xustificativa en apoio de tal prestación...”*

No debate conxunto desta moción e as dúas seguintes, producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que lamenta o voto en contra no da rúa Cobas. Le a moción. Non entendo por que non atenden a solicitude de Prodeme,





estendendo a bonificación aos demais de interese social, ser Alcalde é selo de todos. Pídlle que vote a favor desta solicitude. Se hai algún defecto de forma, miralo; é só onde pon 30%, poñer 90%.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que isto vén tras reunións con Prodeme, porque non houbo resposta do Sr. Alcalde. Escoitei o da ilegalidade, non sei a que se refería. Están recollidas outras bonificacións, como a que aprobamos hoxe. Non acabo de entender cal é o problema. Á espera de que nolo aclare o Alcalde, o que pedimos é a modificación do punto 7.e) da Ordenanza. Le o acordo que propón na súa moción.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di sobre a ronda de María Emilia Casas que trouxeron unha iniciativa e tamén os non adscritos. Conta cun acordo parlamentario que levou quen fala e que compromete ao goberno galego. A Lei Reguladora das Facendas Locais permite unha bonificación potestativa ata o 95%. Cómpre analizar a vontade política. Non vai beneficiar só a Prodeme, está pensada para todos os de interese social. É a maneira de recoñecer con sensibilidade estas accións a favor dos desfavorecidos.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que eles tamén foron consultados. Transmitinlle o noso apoio; se non trouxemos moción, é porque xa había. Esta Asociación fai un gran traballo. Imos apoiar estas mocións.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que unha cousa son obras e outras peticións e peticionarios. No Partido Socialista sempre valoramos a Prodeme, cando o actual Alcalde era parlamentario e Pachi Vázquez conselleiro. O escrito de Prodeme do 23 de outubro, tal como se presentou non era acorde con bonificación algunha. Le o considerando do informe de Intervención ao expediente das ordenanzas: "O que solicita a Asociación Prodeme...non está entre as bonificacións previstas na Lei Reguladora das Facendas Locais, que son as que se recollen no artigo 103.2 de dita norma". No Pleno do 23 de outubro ninguén votou en contra. O proxecto de Prodeme é igual que o de cada empresa. Por desgraza, non é igual minusválidos que traballadores. Se non está na lei, nós non podemos facelo. O artigo 9 da Lei de Facendas Locais di que non hai bonificación sen lei. Non se poden pedir cousas que a lei non recoñece. Este equipo de goberno non entra en condicionantes. Por que non convenía a Xunta con Prodeme? Por que non cambia a lei?

De Dna. Pilar López Martínez, que di que se tivesen a ben dialogar, sentarse, axudar á Asociación, puidose ter dito que a redacción non era correcta. Puidose dicir: é onde pon 30%, poñer 90%. Pido ao Sr. Secretario que diga se iso é legal. O expediente de modificación de ordenanzas debe partir do Sr. Alcalde: se se aproba, non se executa. Por que non recibiu ao peticionario? Está poñendo pedras no camiño unha vez máis.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que tamén lle gustaría que se aclarara se non se pode modificar a ordenanza, se ten que vir unha lei superior.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que vaia papelón que acaba de facer o Sr. Torres. Le a carta do 23 de outubro da Asociación Prodeme, ligando o último parágrafo co do 30% previsto na ordenanza. Le o que di o artigo 103.2.a) da Lei de Facendas Locais.



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/01/2018  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 30/01/2018  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/01/2018 15:57:13



De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que a cousa está suficientemente clara para reiterar o seu apoio ás mocións.

De D. Iban Torres Rodríguez, que di que a bonificación de que se fala é para obras concretas, non para entidades. Le o último parágrafo do escrito de petición. Dille á portavoz do PP que lea o artigo 9 da Lei de Facendas Locais. Volve ler o que se di no informe de Intervención.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que se hai algún defecto nas palabriñas da solicitude, o Secretario podería ter axudado. A moción é legal: pasar do 30% ao 90%. Pido a intervención do Sr. Secretario. Díganme que é ilegal pasar do 30 ao 90%. Se non queren votar a favor, non o fagan. Lamento que teñamos que vir con esta cuestión. Non é problema de irregularidade, é de vontade política.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que tamén lles gustaría escoitar ao Sr. Secretario. Se hai algún problema, haberá que sacar o termo que contraveña a lei para acadar o fin, que é que a bonificación sexa do 90%. Por iso pido a intervención do Sr. Secretario. (O Sr. Alcalde di que non lle fai falta, que pode pedir o que queira, pero outra cousa son os acordos aos que se pode chegar).

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que cando Prodeme presentou o seu escrito “para estas entidades”, era como “para obras”. Non estamos votando o escrito de Prodeme, senón a proposta ao Pleno. Se Pilar López chamou ao Alcalde asfaltador, eu dígolle ao Sr. Torres enredador. Se non o queren votar ou levalo adiante, non o fagan; se hai unha mala redacción, poderíase obviar. Pero as nosas iniciativas son o texto da Ordenanza, e onde pon 30, poñer 90, cal é o erro aí? Están actuando dunha maneira sectoria.

### **C) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE PARA SOLICITAR A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO).**

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada por urxencia favorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias en debate conxunto coa moción anterior e a seguinte, acórdase o seguinte:

“Exposición de motivos.

A Asociación PRODEME de Monforte, fai unhos días fíxonos entrega dunha documentación solicitando o noso apoio para a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), segundo consta na documentación esta asociación tenlle solicitado ao Sr. Alcalde, con data do 23 de outubro de 2017, unha revisión de dita ordenanza pola que se modificaría a bonificación do 30% para aquelas entidades de carácter social e sen ánimo de lucro ou declaradas de Utilidade Pública que realizan obras vinculadas cos seus fins sociais, pasando a ser a bonificación do 90%.



#### FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/01/2018  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 30/01/2018  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/01/2018 15:57:13



O 5 de decembro de 2017, volven poñerse en contacto co concello por si houbera que engadir algunha documentación en todo caso a súa enteira disposición co fin de axilizar a posible revisión e modificación da mencionada bonificación.

Segundo a información que se nos transmite por parte de PRODEME, sen resposta por parte do Sr. Alcalde. Foi a través dos medios de comunicación por onde tivemos información do chamado por algúns desencontro, entre PRODEME e o Sr. Alcalde, sexa como fora, esta entidade ten en marcha un proxecto de APROVEITAMENTO INDUSTRIAL DA BIOMASA A TRAVÉS DUN CENTRO OCUPACIONAL, CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO E FORMACIÓN DUAL, valorado en máis dun millón de euros cunha superficie construída de máis de 4.000m<sup>2</sup> no Polígono Industrial do Reboredo, conforme figura no informe que nos achegan.

A Ordenanza Fiscal, da que estamos a falar, figura no artigo 7 de BONIFICACIÓNS, baixo o texto : “A 30 % na cota do imposto polas demais obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, históricas artísticas ou de fomento da ocupación que o xustifiquen, a solicitude dos interesados mediante memoria xustificativa en apoio de tal prestación.

As bonificacións deberán solicitarse simultánea á solicitude da licenza de obras, achegando a documentación que acredite a concorrencia das circunstancias que dean dereito as mesmas. O recoñecemento das bonificacións aludidas corresponderá ao Pleno voto da maioría simple dos seus membros sen prexuízo das delegacións que poidan proceder segundo a normativa vixente. As devanditas bonificacións quedarán sen efecto por non cumprirse as condicións por razón das cales se concederon as mesmas.”

Querendo poñer en valor o proxecto que nos presentou PRODEME,

O Pleno, por once votos a favor (Grupos de Esperta Monforte, do PP e do BNG e concelleiras/o non adscritas/o) e seis votos en contra (Grupo Socialista), adopta o seguinte

#### ACORDO

Instar o equipo de goberno a que modifique o punto 7 e) da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Construción, Instalacións e Obras, de tal xeito que se incremente do 30 ao 90% a bonificación a entidades de carácter social e sen ánimo de lucro ou declaradas de Utilidade Pública do noso concello que realicen obras vinculadas cos seus fins sociais.”

#### **D) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A INCLUSIÓN DE BONIFICACIÓNS NA ORDENANZA REGULADORA DO ICIO.**

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada por urxencia favorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias en debate conxunto coas dúas mocións anteriores, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.



A incorporación as ordenanzas fiscais deste Concello das disposicións do Protocolo Doing Business formalizado entre a Xunta e a Fegamp, determinou unha serie de bonificacións, algunhas das cales este grupo propuxera no seu día a modo de enmenda e que foran rexeitadas polo equipo de goberno.

Así, entre outras bonificacións, se establece unha bonificación potestativa de ata o 95% para as construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no art. 103.2a) da Lei de Facendas Locais, 2/2004, sendo de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

A bonificación potestativa que establece o art. 103.2a) da LRFL, permite mais amplitude cando sinala:

*“2. Las ordenanzas fiscales podrán regular las siguientes bonificaciones sobre la cuota del impuesto:*

*a) Una bonificación de hasta el 95 por ciento a favor de las construcciones, instalaciones u obras que sean declaradas de especial interés o utilidad municipal por concurrir circunstancias sociales, culturales, histórico artísticas o de fomento del empleo que justifiquen tal declaración. Corresponderá dicha declaración al Pleno de la Corporación y se acordará, previa solicitud del sujeto pasivo, por voto favorable de la mayoría simple de sus miembros”.*

O Art. 7e) da Ordenanza Fiscal reguladora do ICIO, sinala *“Gozarán dunha bonificación na cota do imposto, polos porcentaxes que a continuación se indican, as construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade por concorrer as seguintes circunstancias:*

*e) 30% na cota do imposto polas demais obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, históricas artísticas ou de fomento da ocupación que o xustifiquen, a solicitude dos interesados mediante memoria xustificativa en apoio de tal prestación. As bonificacións deberán solicitarse simultaneamente á solicitude da licenza de obras, achegando a documentación que acredite a concorrencia das circunstancias que dean dereito as mesmas”.*

Entende este grupo que si a creación de emprego debe ser digna da máxima bonificación, tamén as obras que sexan declaradas de interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, históricas artísticas ou de fomento da ocupación, deben ser merecedoras dun maior recoñecemento, do que preve agora a ordenanza e sempre, no marco que prevé a LRFL.

Desta maneira, entidades que desenrolan actividades de interese social, cultural, histórico-artísticas, ou de fomento da ocupación, deben ser beneficiarias dunha maior bonificación da que se ten establecido, por canto as súas actividades redundan positivamente no conxunto da sociedade.

Polo exposto, o Pleno, por once votos a favor (Grupos do PP, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e seis votos en contra (Grupo Socialista), adopta o seguinte

## ACORDO

### INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO A:



#### FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/01/2018  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 30/01/2018  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/01/2018 15:57:13



-MODIFICAR A ORDENANZA REGULADORA DO ICIO, no art. 7 e) a fin de incrementar do 30 ao 90% a bonificación a entidades de carácter social ou declaradas de utilidade pública, que realicen obras dirixidas ao desenvolvemento dos seus fins sociais, quedando redactado nos seguintes termos:

“e) 90% na cota do imposto polas demais obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, históricas artísticas ou de fomento da ocupación que o xustificuen, a solicitude dos interesados mediante memoria xustificativa en apoio de tal prestación. As bonificacións deberán solicitarse simultaneamente á solicitude da licenza de obras, achegando a documentación que acredite a concorrencia das circunstancias que dean dereito as mesmas. O recoñecemento das bonificacións aludidas corresponderá ao Pleno, co voto da maioría simple dos seus membros, sen prexuízo das delegacións que poidan proceder segundo a normativa vixente. As devanditas bonificacións quedarán sen efecto por non cumprirse as condicións por razón das cales se concederon as mesmas”.

### PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

#### 8. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se dá conta: 22.11.2017 a 12.12.2017.

O Sr.Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 22 de novembro e o 12 de decembro de 2017.

#### 9. INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de 27.11.2017 (dúas) e de 12.12.2017) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

#### 10. ROGOS E PREGUNTAS.

##### 1º.- ROGOS E PREGUNTAS DAS/DO CONCELEIRAS/O NON ADSCRITAS/O.

##### A) PENDENTES DO PLENO ANTERIOR.

- a) Cal é o estado real e actual da Ordenanza Municipal do Mercadiño do Parque dos Condes e cando pensa traela a pleno.

(Auséntase D. Manuel Jesús López Sánchez)

##### Resposta do Sr. Alcalde:

Foi creado, nesas circunstancias, cando vostedes gobernaban. Hai un borrador de ordenanza, espérase ás circunstancias políticas para ser aprobado.



**b) En relación con avarías no servizo de auga na semana do 14 de novembro:**

1. Cando se produciu a avaría da rúa Escultor Francisco Moure, como estaban os depósitos de San Vicente, cheos, mediados, baleiros...?
2. Canto tempo tardaron en pechar as claves dos depósitos de San Vicente cando se produciu esa rotura?
3. Quen se encarga do control do nivel dos depósitos? Cada canto tempo se controlan?
4. Segundo temos entendido, na zona do Morín, existía un aviso de corte de auga para levar a cabo a realización dalgunha actuación, acaso existía unha avaría programada na rúa Doutor Casares ou no nese entorno?
5. Cando existe unha actuación programada, notifícaselle á veciñanza? Como se fai?
6. Cantas bocas de rego temos na nosa cidade? Ou o que é máis importante, cantas bocas de rego foron anuladas nos últimos tempos na nosa cidade, por mor de avarías?
7. Segundo nos consta o sábado, día 18 de novembro, tamén rebentou a tubaxe na rúa Valle Inclán. Tendo en conta que nesta rúa está renovada a rede de abastecemento, a que se debeu tal avaría? Entendemos que se houbese algún problema na xunta das tubaxes, o lóxico e normal, sería que rebentase pola unión, pero parece que rebentou por unha parte sen ningún tipo de empate. Cando menos é chamativa esta avaría.
8. Tamén existiu unha abundante perda de auga no entorno da parroquia de Piñeira que anegou algunha finca, a que se debeu?

(Reincorpórase D. Manuel Jesús López Sánchez)

**Respostas do Sr. Alcalde:**

1. Os depósitos estaban cheos. Se hai avaría nocturna, evítase desabastecemento.
2. Inmediatamente, vinte minutos aproximadamente. Pechouse o da rúa Sarria, non o de San Vicente.
3. Os operarios da rede de abastecemento. Hai un control diario, mínimo dúas veces ao día. Tamén hai un sistema de telecontrol.
4. Non había avaría en Doutor Casares, o aviso de corte na Reigada por avaría da acometida aproveitouse para facer unha purga.
5. Avisase ao Concello para que avise á prensa e ademais hai atención por teléfono. Se é máis dun día, pónense carteis de aviso.
6. Unha 400 bocas de rego e 6 de incendio. Non foi pechada ningunha nos últimos tempos.
7. A avaría do día 18 foi pola rotura dun parafuso da acometida de mala calidade, por unha obra de hai catro anos con mal material.
8. Ten relación co Polígono.

**c) Que despois das avarías na rede de abastecemento de auga, se proceda a limpar as rúas afectadas e as canalizacións subterráneas para evitar posibles atascamentos da rede.**

**Resposta do Sr. Alcalde:**

Xa se está facendo.

**d) Rogo para que a Deputación proceda á limpeza das cunetas da rede viaria da súa titularidade.**

Que o Equipo de Goberno se dirixa de novo á Excma. Deputación de Lugo para solicitarlle a continuación deste labor de limpeza ao longo de toda a estrada LU-P-3203, así como de todas as estradas da súa titularidade do noso concello para evitar os estragos no propio asfaltado así como o asolagamento de fincas e vivendas, que nalgúns casos se teñen producido.

**Resposta do Sr. Alcalde:**

Trasladerémollos á Deputación para que limpe o que proceda.

**e) Rogo para o arranxo do problema da boca de rego na Pinguela, así como outras da cidade:**

Que se leven a cabo as actuacións necesarias na boca de rego ubicada no contorno do IES A PINGUELA, así como no resto da cidade, porque segundo nos consta, existen moitas que foron suprimidas, despois de diferentes avarías na rede de abastecemento de auga.

**Resposta do Sr. Alcalde:**

Hai unha parte xa contestada: non foi pechada no noso mandato ningunha boca de rego. A da Pinguela estaba tapada cun contedor; sen o contedor, está á vista.

**B) ROGOS E PREGUNTA PRESENTADOS POR REXISTRO ELECTRÓNICO POLAS/O NON ADSCRITAS/O DÍA 17 DE DECEMBRO DE 2017.**

A súa consideración ou resposta quedan para outro Pleno.

**ROGOS PARA ARRANXAR ENCOROS DE AUGA QUE SE PRODUCEN NA RÚA DA VIDE E NA SAÍDA DO HOSPITAL CARA Á CORREDOIRA, ASÍ COMO COMPROBAR O ESTADO DAS MADEIRAS DA MARQUESIÑA DA PRAZA PONTE FONTECHA.**

“Dentro da necesaria atención constante que precisa calquera cidade en mantemento de infraestruturas, traemos a este Pleno diferentes rogos para levar a cabo o arranxo de dous puntos onde se encora a auga, especialmente perigosos, por coincidir con pasos de peóns.

Trátase de bolsas de auga que se producen tanto ao inicio da rúa da Vide, na confluencia coa rotonda do Peregrino (por detrás da Gasolineira da rúa Chantada) que coincide á altura dun paso de peóns existente na zona, e que dificulta o tránsito dos viandantes ao non poder usar o devandito paso, e outro na rúa Corredoira (saíndo do Hospital). Este último, como xa dixemos en plenos anteriores, fórmase como consecuencia das obras levadas a cabo na rede de abastecemento de auga na rúa Corredoira, o que provoca que os peóns non poidan cruzar con normalidade nese punto e tamén, ao acumular unha gran cantidade de auga, constitúen un perigo para a circulación rodada.

Por outra banda, cómpre revisar o estado das madeiras da marquesiña situada na Praza Ponte Fontecha, onde está a figura de Manuel María, que presentan un aspecto arqueado, e poden representar un perigo no caso de estaren en mal estado.



Consideramos que o arranxo destes puntos representa unha actuación prioritaria, polo que o noso grupo desexa facer os seguintes rogos:

1. Que arranxe os encoros de auga que se forman nas rúas Corredoira, de saída do Hospital, e no inicio da rúa da Vide, onde se atopa a rotonda do Peregrino, por coincidiren coa presenza dun paso de peóns e ser puntos perigosos na circulación rodada, e, de ser o caso, solicitarlles aos correspondentes responsables, que leven a cabo os devanditos arranxos.
2. Que comprobe o estado das madeiras da marquesiña da Praza Ponte Fontecha, onde está a figura de Manuel María, e de ser necesario, reparar o que se precise, co fin de evitar calquera tipo de dano.”

## **PREGUNTA SOBRE OS CONTRATOS DE LIMPEZA DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.**

"Como puidemos comprobar nos últimos meses a través de diferentes medios de comunicación, hai algunha empresa de limpeza, que presta servizos para o noso concello, que presenta algunha irregularidade no tocante ao pagamento das mensualidades aos seus traballadores, e nalgún caso, sabemos que supera a débeda en seis meses. Entendemos que o concello non ten ningunha relación directa con estes traballadores pero si ten responsabilidades á hora de regularizar os contratos que lle prestan servizos á entidade local.

Por outra banda, cómpre ter en conta as continuas advertencias que se fan, por parte do departamento de Intervención, mes tras mes, informando que a prestación destes servizos non están amparados polos correspondentes expedientes de contratación, nin constan contratos formalizados ao efecto, polo que se están vulnerando os principios básicos da contratación administrativa, na medida en que se trata de servizos que se veñen prestando de forma continuada e cunha duración superior á anual, superando tanto por contía como por duración os límites establecidos na Lei de Contratos do Sector Público para a contratación menor.

constar que a prestación destes servizos por estas mercantís non están amparados polos correspondentes expedientes de contratación, nin constan contratos formalizados ó efecto, polo que se están vulnerando os principios básicos da contratación administrativa, na medida en que se trata de servizos que se veñen prestando de forma continuada e cunha duración superior a anual, superando tanto por contía como por duración os límites establecidos na LCSP para a contratación menor. Polo que a Intervención fiscaliza de disconformidade estes gastos e considera que debe procederse a tramitación do correspondente expediente de contratación de acordo co recollido no RD Lei 3/2011, garantindo os principios da contratación administrativa tales coma a igualdade, concorrencia e publicidade e formalizar o contrato correspondente quedando definidas as obrigas das partes

Por este motivo, este Grupo Municipal, desexa facer a seguinte pregunta:

Cando ten pensado regularizar o/os contratos de limpeza do concello?"

## **2º.- PREGUNTA E ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PENDENTES DO PLENO ANTERIOR.**

- a) **¿Quién va a asumir los costes de la renovación de la tubería general, que evidentemente se encuentra deteriorada y averiada, para evitar que se reproduzcan las averías de días pasados y las molestias correspondientes a los vecinos?**

### **Resposta do Sr. Alcalde:**

Pleno da Corporación  
Sesión ordinaria do 18.12.2017

Páxina 26 de 27



Para substituír a tubaxe, estase falando coa empresa concesionaria do servizo para solucionalo debaixo da vía. O Concello non vai pagar esa avaría.

**b) Rogo sobre cumprimento da Ordenanza de limpeza:**

Que se cumpra e faga cumprir a ordenanza reguladora da limpeza de terreos, distancia das plantacións e xestión da biomasa e limpeza dos camiños municipais, de maneira especial naquelas fincas de parroquias ou do casco urbán onde a maleza está próxima as vivendas ou explotacións, ou elementos que representen risco grave no caso de incendio.

Que se proceda a limpar os camiños municipais, e no caso das parroquias, non so os mais próximos as vivendas, senón tamén aqueles que pola súa situación poidan ser útiles e necesarios en caso de incendio.

**Resposta do Sr. Alcalde:**

Recollemos o rogo. Estamos cumprindo a Ordenanza, actuando en casos -non é fácil facelo con tódalas fincas-, noutros fano os veciños.

**3º.- ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PENDENTE DO PLENO ANTERIOR.**

**Rogo relativo ao deterioro da beirarrúa de Benito Vicetto:**

Que se tomen as medidas precisas para que este problema non volva a acontecer.

**Resposta do Sr. Alcalde:**

Xa falou sobre isto co membro do Grupo que fai o rogo o Concelleiro de Servizos. Está corrixido o que se formula.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente, tras desexar un feliz Nadal, levanta a sesión sendo as vinte e tres horas e corenta minutos do expresado día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.  
O Alcalde,

(ACTA APROBADA NA SESIÓN PLENARIA DO 29/01/2018)

